Relaciona os fundamentais tipos de tecidos coa súa función.	BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función
Distingue o que é nutrición, nutriente e alimento.	BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
Diferencia nutrientes enerxéticos, plásticos e reguladores e os alimentos nos que están presentes.	BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.

Coñece os hábitos de alimentación saudables, os distintos tipos de dietas, e as enfermidades nutricionais máis comúns	BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.
É capaz de situar en esquemas e debuxos os nomes dos órganos e aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.
Asocia correctamente os procesos relacionados coa nutrición cos órganos e sistemas implicados.	BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
Sabe explicar a función dos órganos implicados na nutrición.	BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
Relaciona algunhas doenzas comúns na actualidade, relacionadas coa nutrición, coas causas e efectos que provocan.	BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.
Relaciona tipo de receptor e órgano que o pusúe.	BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.
Asocia correctamente glándulas, hormonas e funcións.	BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función
Diferencia o funcionamento da musculatura esquelética, lisa e cardíaca.	BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Sinala correctamente os distintos órganos dos aparatos reprodutores e relacionaos correctamente coa súa función.	BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.
	BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.
Describe correctamente os acontecementos fundamentais da fecundación, embarazo e parto.	BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.
É capaz de indicar cales son os métodos anticonceptivos máis axeitados según diversos casos e cales evitan as ETS.	BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.
Describe hábitos de vida saudables relacionados coas ETS.	BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.
É capaz de asociar distintos problemas de fertilidade co método de reprodución asistida que resultaría máis axeitado.	BXB3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.
Sabe asociar distintos tipos de microorganismos coas infeccións que causan.	BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relacionalas coas súas causas.
A partir do estudo dos mecanismos de transmisión pode propoñer hábitos de vida saudables relacionados coa prevención de enfermidades infecciosas.	BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.

CUARTO CURSO. BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º ESO

1. Comparar a estrutura de distintos tipos de células.
2. Observar as fases do ciclo celular identificando o núcleo celular e a súa organización.
3. Analizar semellanzas e diferenzas entre os cromosomas e a cromatina.
4. Coñecer os procesos que teñen lugar na mitose e na meiose.
5. Identificar as funcións dos distintos ácidos nucleicos.
6. Recoñecer como forma de conservación xenética a replicación do ADN.
7. Utilizar o código xenético para expresar información xenética.
8. Ver as mutacións como formas de diversidade xenética.
9. Aplicar as leis da herdanza e os principios mendelianos na resolución de problemas sinxelos.
10. Establecer relacións entre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
11. Reflexionar sobre as enfermidades hereditarias e a súa prevención.
12. Identificar técnicas e aplicacións da enxeñería xenética e clonación.
13. Coñecer as probas e mecanismos da evolución e a mutación.
14. Realizar interpretacións a partir de árbores filoxenéticas.
15. Conceptualizar a hominización.
16. Identificar o carácter cambiante da terra, describir os cambios notables e interpretar cortes xeolóxicos e perfís topográficos.
17. Recoñecer os procesos xeolóxicos máis importantes na historia da Terra, analizando eóns, eras e períodos utilizando o coñecemento dos fósiles guía.
18. Coñecer e interpretar os fenómenos naturais derivados da tectónica de placas.
19. Analizar a estrutura da Terra a partir de distintos modelos e recursos de análise.
20. Reflexionar sobre a formación da litosfera, o relevo e a súa degradación.
21. Relacionar os factores ambientais coa vida dos seres vivos e ecosistemas.
22. Identificar o concepto de factor limitante e límite de tolerancia.
23. Afondar nos conceptos de biótomo, poboación, comunidade, ecotón, cadeas e redes tróficas.
24. Reflexionar sobre a adaptación dos seres vivos ao medio.
25. Identificar o proceso de transferencia de materia e enerxía na cadea trófica.
26. Valorar o impacto que o ser humano lles ocasiona aos ecosistemas.
27. Coñecer distintos procesos de tratamento de residuos e reflexionar sobre a recollida selectiva.
28. Identificar a importancia da utilización de enerxías renovables para a sostibilidade do planeta.
29. Utilizar o método científico con destreza.
30. Formular e contrastar hipóteses na experimentación e/ou observación.
31. Analizar a fiabilidade das fontes de información empregadas.
32. Desenvolver habilidades de traballo individual e grupal.
33. Realizar presentacións públicas argumentando as súas investigacións.

Competencias clave, estándares de aprendizaxe instrumentos de avaliación e temporalización

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo. 	100	20	90		10									X		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas. 	100	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética. 	100	5			50	50										
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva. 	100	10	90		10						X					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética. 	80	10	80		20									X		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía. 	80	5			50	50					X			X		

Primeira proba
 Segunda proba
 Terceira proba

2ª AVALIACIÓN

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)				Temas transversais									
				Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo. 	80	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural. 	100	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas. 	80	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización. 	80	10	80		10	10										
	Bloque 2. A dinámica da Terra																
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade. 	100	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica. 	80	10	80		20											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era. 	80	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica. 	80	10	90		10											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos.. 	100	10	50		50											
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación. 	80	10	90		10											

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
▪ CAA	▪ BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	60	10	10		10											
▪ CAA ▪ CSIEE	▪ BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.	100	20	90		10											
▪ CAA	▪ BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	100	10	80	20							X					
▪ CAA ▪ CMCCT	▪ BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.	100	10	90		10						X					
▪ CAA	▪ BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.	100	20	90		10											
▪ CMCCT	▪ BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres																
▪ CAA ▪ CCL	▪ BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.	100	10	90		10											
▪ CAA	▪ BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.	80	10	90		10											

Primeira proba
 Segunda proba
 Terceira proba

3ª AVALIACIÓN

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
	Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente																
▪ CMCCT	▪ BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.	100	20	90		10											
▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCL	▪ BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.	100	20	80	10	10											
▪ CSC ▪ CAA	▪ BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.	100	10	90		10											
▪ CMCCT ▪ CAA	▪ BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.	80	10	90		10											
▪ CMCCT	▪ BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.	80	10	80		10	10										
▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL	▪ BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.	100	10	90		10											
▪ CSC ▪ CCEC	▪ BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.	80	10	80	20												
▪ CAA	▪ BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	80	10	90		10											
▪ CSC ▪ CCL ▪ CCEC	▪ BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.	100	20	50	50							X				X	
▪ CMCCT ▪ CAA	▪ BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un	80	20			50	50					X		X		X	

CPI PLURILINGÜE TINO GRANDÍO-. DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

▪ CCL	problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.																
▪ OCSC ▪ CSIEE	▪ BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	80	20	90		10						X					X
▪ CSC ▪ CAA	▪ BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.	80	20	90		10						X					X
▪ CSC ▪ CCL	▪ BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	100	20	90		10						X					X

Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific. %	Instrumentos de avaliación (%)							Temas transversais						
				Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
	Bloque 4. Proxecto de investigación																
▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE	▪ BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.	80	10		50	50											
▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT	▪ BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	80	10	50	50							X					
▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD	▪ BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	100	20		50	50						X		X			
▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE	▪ BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	100	20		50	50											
▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT	▪ BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.	100	20		50	50						X					X
▪ CCL	BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	100	20	50	50												

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS IMPRESCINDIBLES

No caso de interrupción do desenvolvemento normal do curso debido á situación sanitaria actual intentarase acadar os seguintes estándares:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
É capaz de describir os orgánulos característicos de cada tipo de célula e as súas función.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
Coñece a estrutura do núcleo, cromatina e cromosomas e os cambios relacionados co ciclo celular.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
Describe as diferencias e importancia de ambos procesos.	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
Describe a estrutura de ADN e ARN.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
Describe a relación entre ADN, xene, proteínas e caracteres hereditarios,	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
Explica a importancia das mutacións para os seres vivos e a súa implicación na evolución biolóxica.	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
Resolve problemas sinxelos que illustren as Leis de Mendel.	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
Resolve problemas sinxelos sobre a herdanza da hemofilia e o daltonismo.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.

Coñece e explica o que é a clonación e os seus posibles usos en diferentes ámbitos da vida.	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.
Mañexa e comprende textos relacionados coas aplicacións actuais da biotecnoloxía	BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía
Sabe fundamentar a selección natural e a adaptación das especies basándose na variabilidade xenética entre os individuos dunha poboación.	BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
Explica as diferencias anatómicas e mentais existentes entre o ser humano e o resto dos homínidos.	BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización
Completa modelos da estrutura interna da Terra.	BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.
Describe probas da Deriva Continental	BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
Sabe explicar a orixe do movemento de placas	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.
Asocia fenómenos xeolóxicos relevantes (volcáns, terremotos, fallas e fosas oceánicas e cordilleiras) cos límites de placas.	BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo. BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres
Define correctamente ecosistema, biotopo e biocenose e sabe poner exemplos de cada un e das interrelacións que existen entre eles.	BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes. BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótopo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.

Sabe poñer exemplos de adaptacións dos seres vivos ós ambientes nos que se desenvolven.	BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.
Asocia distintos tipos de seres vivos có nivel trófico ó que pertencen e explica a importancia dun nivel trófico para a supervivencia dos outros.	BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.
Elabora un traballo propio sobre a influencia do ser humano sobre os ecosistemas.	BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.
Utiliza as TIC para elaborar e exponer traballos relacionados cos temas tratados na materia.	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.

METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL.

Tanto nos cursos de 1º como de 3º e 4º da ESO dedicaríanse os días correspondentes ao ensino presencial a impartir contidos novos e aclarar dúbidas, deixando as actividades de repaso e exercicios para as sesións non presenciais. Os materiais de apoio publicaríanse na aula virtual do centro e na plataforma edixgal, no caso dos alumnos de 1º da ESO.

As probas escritas realizaríanse de xeito presencial.

Os traballos individuais realizados na casa valoraríanse con 0,25 puntos por semana ata un máximo de 1 punto sobre a nota media dos exames.

METODOLOXÍA NO CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL.

Faránse uso de videoconferencias mediante webex para establecer comunicación directa co alumnado.

As actividades e recursos estarán dispoñibles para os alumnos a través da aula virtual e da plataforma edixgal, no caso de 1º da ESO.

Centrarémonos na adquisición dos estándares mínimos imprescindibles especificados para cada un dos tres cursos.

A avaliación e cualificación dos alumnos, durante estes periodos realizarase a través dos traballos propostos que estes deberán enviar á profesora semanalmente.

PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

A tódos os alumnos que teñen pendente a materia de ciencias naturais, bioloxía-xeoloxía seralles entregado de xeito regular actividades encamiñadas a guiar o repaso da materia suspensa. Poderán consultar dúbidas coa profesora da asignatura sempre que o necesiten e terán que entregar as actividades resoltas. Cada avaliación terán probas orais/escritas según sexa o caso para valorar o seu aprendizaxe. No caso de non superar a materia poderán examinarse nunha proba final en maio.

PLAN DE REFORZO DO ALUMNADO REPETIDOR

Dado que estos alumnos están cursando de novo e íntegramente as materias do curso, o reforzo centrarase en detectar e corrixir as actitudes que levaron a non superar a materia: déficit de atención na aula, falta de traballo axeitado na casa, desmotivación. Tratarase de facer un seguimento máis personalizado destes alumnos e se é preciso, recavar a axuda do departamento de orientación para modificar conductas pouco axeitadas para o bo rendemento escolar.

MÉTODO DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial realizarase no mes de outubro. Trátarase de detectar dificultades dos alumnos para comprender os conceptos da materia e para expresalos correctamente, para o cal se realizará unha proba consistente na lectura comprensiva dun texto científico axeitado ao seu nivel.

A avaliación positiva requirirá que os alumnos/as dominen os contidos e sexan capaces de desenrolar un traballo diario na clase, elaborar informes pulcros e claros, participar activamente nos traballos en grupo e adquirir o vocabulario específico da materia.

Faranse ó longo do curso probas escritas e/ou orais nas que o alumno/a terá que demostrar o dominio do vocabulario e a adquisición de conceptos e actitudes. Por outra parte valoraranse os traballos realizados individualmente (ou en grupo se a situación sanitaria o permite), a realización de exercicios dentro da aula, que deberán estar recollidos no seu caderno de traballo, e a participación e aproveitamento das actividades prácticas de laboratorio e extraescolares que sexa posible realizar durante o curso.

A nota de cada avaliación calcularase como a media das notas obtidas nas probas orais e/ou escritas e a nota final será a media das notas obtidas nas probas realizadas durante todo o curso.

Os traballos de ampliación propostos pola profesora/o poderán sumar ata un punto sobre a nota obtida nos exames orais/escritos. Os exercicios non feitos na casa ou na clase poderán restar 0,25 puntos cada día ata un máximo de un punto en cada avaliación.

Os exercicios realizados correctamente na casa ou na aula poderán sumar 0,25 puntos por día ata un máximo de un punto sobre a nota dos exames.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

O número de alumnos e alumnas.

O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.

- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
 - Os tipos de recursos que se necesitan adaptar con carácter xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilitará non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

En aqueles casos nos que os alumnos presenten dificultades especiais de aprendizaxe considérase a posibilidade de realizar probas de coñecementos adaptadas ás súas características, tales como exames

máis curtos, distinta formulación das preguntas. Máis tempo de realización ou menos materia por proba.

Neste momento algúns alumnos/as amosan a necesidade de reforzo educativo ou adaptación curricular significativa, en concordancia co sinalado en outras materias.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A nivel de centro seguiremos os criterios especificados no artigo 23 do DOG do 29/6/2015.

Promocionarán ao curso seguinte os alumnos/as que:

- a) Superaran todas as materias do curso
- b) Teñan avaliación negativa en unha ou dúas materias, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

Repetirán aqueles alumnos/as que:

- a) Teñan avaliación negativa en tres ou máis materias
- b) Teñan avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

Excepcións

Pode autorizarse a promoción con **tres materias** se:

- a) **Dúas delas non son simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.**
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno/a seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

O claustro de profesores acorda que para que un alumno se beneficie desta excepción deberá amosar un traballo continuado nas materias aínda que, polas súas circunstancias particulares non poida superalas.

Enténdese que debe intentar seguir o desenvolvemento normal das clases, traer o material necesario (non facelo supón tamén una falta leve ás normas de convivencia), presentarse as probas correspondentes e resolvelas na medida das súas posibilidades.

As actitudes negativas e/ou o abandono deberán ser reflectidas polos profesores ao longo do curso e nas sesións de avaliación.

Desta maneira trataremos de evitar que os alumnos sen necesidades educativas especiais decidan abandonar unha ou máis materias, co agravio comparativo e mal exemplo que isto supón cara ao resto dos seus compañeiros.

- c) Que se lle apliquen ao alumno/a as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refira o apartado 7 do artigo 23.

- d) Que tendo avaliación negativa en Lingua Galega Literatura e Matemática ou en Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, o equipo docente considere que pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten posibilidades de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, sempre que se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Propónse o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre ou cara ao curso seguinte, para así poder recoller as melloras. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS PA AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

PLAN LECTOR, ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

A labor de fomento da lectura nos alumnos de secundaria é interdisciplinar e favorecedora do proceso de comprensión, adquisición de conceptos e a súa expresión, tanto oral como escrita.

No primeiro “ciclo” o profesor/a guiará aos alumnos, facilitando en gran medida o material a empregar. Fomentarase a lectura de textos divulgativos de carácter científico e extensión reducida, fundamentalmente procedentes de xornais e revistas. Esta lectura deberá ser comprensiva e o alumno/a deberá ser capaz de extraer as ideas fundamentais, tratando de relacionalas coa materia obxecto de estudo. Por outra parte fomentarase a consulta de material bibliográfico do centro para ampliar determinados aspectos da materia que requiran un estudo en profundidade. Tratarase de fomentar a curiosidade do alumno/a por achar respostas a problemas de actualidade en relación coa ciencia.

No segundo “ciclo” fomentarase a consulta individual de bibliografía relacionada coa saúde-enfermidade, descubrimentos científicos relevantes, labor investigadora de grandes personaxes do mundo da ciencia e controversias actuais que se plantean ante a aportación da ciencia ao desenrolo da sociedade e a búsqueda de solucións a grandes problemas globais tales como a contaminación, a produción de alimentos, a búsqueda de tratamentos de enfermidades etc.. Esa consulta desembocará na elaboración de traballos que o alumnado deberá comunicar e discutir co resto dos seus compañeiros.

USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NA ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS.

Constiúen un importante recurso para reforzar o proceso de aprendizaxe en canto a que permiten a búsqueda de información, o seu tratamento e selección e a elaboración de gráficos, esquemas e presentacións cara a comunicar os traballos dos alumnos aos seus compañeiros.

Tamén poden ser usadas pola profesora para expoñer temas, proxectar documentais e resolución de actividades na pizarra dixital.

MATERIAL A EMPREGAR

- Libros de texto e dixitais

- Xornais

Revistas

- National Geographic
- Investigación y Ciencia
- Muy interesante

Libros e lectura na rede.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Participación no Plan Proxecta, no proxecto " Protexe o teu médio".

Participación no Plan Proxecta "Quérote +

Participación nas actividades propostas pola USC dentro do programa Xuvenciencia (Photonics Explorer e Vitroplant).

Desenvolvemento do Club de Ciencia con alumnos de 1º a 4º da ESO

Celebración da Semana da Ciencia.

MATERIAL DIDÁCTICO A UTILIZAR

a) **Vídeos ilustrativos dos seguintes temas:**

- O corpo humano.
- Reproducción e sexualidade.
- Inxeniería xenética e biotecnoloxía.
- Tectónica de placas.
- O Universo e o Sistema Solar
- Dinámica de ecosistemas

b) Guías de flora e fauna da Galicia.

c) Coleccións de minerais e rochas.

d) Coleccións de fósiles.

e) Láminas de anatomía e organografía animal e vexetal.

f) Lupas, microscopios e material necesario para realizar preparacións sinxelas.

g) Modelo anatómico humano a escala.

h) Material de laboratorio para a realización de prácticas sinxelas de física e química e bioloxía e xeoloxía.

i) Xornais, revistas, enciclopedias de natureza , e internet

C.P.I. Tino Grandío, Guntín, 27/10/2020

A Xefa de Departamento: Amparo Veiga Vila



OBXECTIVO		PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
COMUNICACIÓN ORAL	1		Saúda ao comezar, preséntase e nomea o tema que se vai tratar.	Preséntase e nomea o tema que se vai tratar.	Saúda ao comezar e nomea o tema que se vai tratar.	Saúda ao comezar e/ou preséntase.
	2		Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta e coida a linguaxe non verbal.	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta, pero non coida a linguaxe non verbal.	Coida a linguaxe non verbal.	Usa o volume de forma adecuada.
	3		Realiza unha introdución esquemática e a orde da exposición é lóxica.	A orde da exposición é lóxica.	Realiza unha introdución esquemática da exposición.	A exposición presenta certa orde.
	4		Cítanse conclusións, invítase a realizar preguntas e despídese.	Cítanse conclusións e invítase a realizar preguntas.	Cítanse conclusións ou invítase a realizar preguntas.	Despídese.
CONTIDO DA EXPOSICIÓN	5		A información que transmite é correcta e centrada no tema.	A información que transmite é do tema, pero ten algunhas incorreccións.	A información que transmite é correcta, pero doutro tema.	A información que transmite é doutro tema e ademais é errónea.
	6		A información foi traballada e elaborada polo propio alumno ou a propia alumna a partir das fontes de información indicadas.	A información parece que foi elaborada polo alumno ou pola alumna, pero non indicou as fontes de información.	Parte da información transmítese directamente desde unha ou varias fontes de información.	A información simplemente se transmite desde as fontes sen comprobar a súa fiabilidade.
	7		Emprega a linguaxe de forma adecuada e amena, e utiliza vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada e utiliza vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada.
	8		Responde ás preguntas con acerto e precisión.	Responde ás preguntas, pero deu algúns datos irrelevantes.	Responde a algunha pregunta con erros ou vaguidades.	Non responde a ningunha pregunta ou faino con continuos erros.
RECURSOS DE APOIO	9		Interactúa co auditorio mediante varias actividades que facilitan a comprensión do tema da exposición.	Realiza algunha actividade de apoio que facilita a comprensión do tema.	Realiza algunha actividade de apoio, pero non facilita a comprensión do tema por desviarse del.	Non realiza ningunha actividade de apoio que facilite a comprensión do tema da exposición.
	10		Emprega apoio audiovisual para recordar datos ou dar exemplos importantes, e é creativo.	Emprega apoio audiovisual que non achega información relevante ou non é creativo.	Emprega apoio audiovisual que se limita a ler ou proxectar, sen realizar unha exposición adecuada.	Apenas emprega apoio audiovisual ou carece del.

Rubrica de exposición oral

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo está ben definido e trátase de forma adecuada.	O tema está definido parcialmente pero trátase de forma adecuada.	O tema está ben definido pero déixanse puntos importantes sen tratar.	O tema está definido parcialmente e a información sobre el é escasa.
	2	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros e carencias na asimilación do contido.
	3	O uso de imaxes e infografía é amplo e adecuado.	O uso de imaxes e infografía é correcto.	O uso de imaxes e infografía é limitado, pero adecuado.	O uso de imaxes e infografía non chega nada ao traballo.
	4	O traballo ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	O traballo ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	5	A presentación do traballo é esmerada e coidada.	A presentación do traballo é adecuada.	A presentación do traballo é algo pobre.	Descoidouse a presentación do traballo.
ORGANIZACIÓN	6	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada só indica o tema obxecto do traballo, e é seguida por un índice.	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero carece de índice.	A portada non introduce o tema obxecto do traballo ou os autores, e carece de índice.
	7	O contido do traballo está ben estruturado; unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto de ideas son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, o que facilita a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas parecen fóra de lugar ou empregáronse mal as transicións entre elas, e non se mantén a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato; custa lelo.
	8	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións propias.	O final do traballo inclúe unha reflexión.	O final do traballo inclúe conclusións, pero ningunha reflexión.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou si as inclúen, pero parecen copiadas doutra fonte.

Rúbrica de traballos escritos

